

2º. Para o persoal da categoría de formador e formadora, os salarios serán os que resulten de multiplicar o prezo por hora lectiva aprobado na axuda correspondente, deducidos os custos empresariais. A retribución correspondente polo total do servizo será a que figure no contrato do formador, e incluírá todos os conceptos salariais.

No caso daquelas programacións que exixan unha selección previa do alumnado e esta estea asignada ao formador, o día de selección retribuirase a razón de salario mínimo interprofesional.

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Resolución do 18 de xullo de 2006 pola que se convoca a edición do IV Premio internacional Barriga Verde de textos para teatro de títeres.

O IGAEM, tentando darlle pulo a unha das formas artísticas de maior incidencia social, a do teatro de títeres, e en lembranza dun dos pioneiros deste tipo de teatro, José Silvent, máis coñecido como Barriga Verde, convoca, en colaboración coa *Asociación Cultural Barriga Verde*, o IV Premio internacional Barriga Verde de textos para teatro de títeres, conforme as seguintes bases:

Primeira.

Anúnciase a cuarta convocatoria do Premio internacional Barriga Verde de textos para teatro de títeres, correspondente á edición 2006, na cal se establecen dúas modalidades: textos de teatro de títeres para rapaces e textos de teatro de títeres para adultos.

Segunda.-Premios.

A concesión dos premios comprende a dotación económica de 4.000 euros para cada unha das modalidades.

Estas cantidades serán imputadas aos orzamentos de gasto para o exercicio de 2006 con cargo á aplicación orzamentaria 12.90.354A.640.1 investimento de carácter inmaterial IGAEM e estarán suxeitas ao tratamento fiscal correspondente en vigor no momento da concesión.

Terceira.-Requisitos.

Poderán optar ao premio todos os autores, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten obras inéditas, non representadas nin premiadas con anterioridade, escritas en calquera lingua oficial, sempre que estes textos veñan acompañados da súa correspondente tradución ao galego conforme a normativa vixente.

O autor galardoado en calquera das dúas modalidades non poderá presentarse a este premio nas dúas convocatorias posteriores.

As obras serán de tema e extensión libres, considerando o principio de duración normal dun espectáculo completo entendido nun sentido amplo.

No caso de que calquera das obras presentadas ao premio recibise algún galardón mentres opta a este, o autor terá a obriga de comunicarlle ao IGAEM esta incidencia e procederase á súa exclusión do concurso.

Cuarta.-Presentación de orixinais.

Os orixinais presentaranse acompañados de, polo menos, unha copia na lingua orixinal e cinco en galego, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados e en perfectas condicións de lexibilidade.

Os textos orixinais presentaranse baixo un título ou lema inscrito na súa portada e a modalidade a que optan, acompañados dun sobre pechado que conteña no seu exterior os mesmos datos e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, número de teléfono, correo electrónico -se dispón del-, a súa nacionalidade e fotocopia do documento que a acredite.

Este sobre deberá incluír, así mesmo, declaración asinada polo autor da obra comprensiva dos requisitos seguintes: que o texto presentado non foi publicado anteriormente nin premiado en ningún momento anterior.

Quinta.-Prazo e lugar de presentación.

A admisión de orixinais remata no prazo de 60 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución que faga públicas estas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

Os orixinais deben ser enviados ao seguinte enderezo:

IV Premio internacional Barriga Verde.

Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

Rúa da Vesada, s/n.

15703-Santiago de Compostela.

Así mesmo, poderanse presentar nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, nos servizos ou rexistros correspondentes das comunidades autónomas, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e na súa disposición adicional 18ª.

Quen opte por presentar os textos nun rexistro diferente ao do IGAEM deberá comunicarllo por telegrama, fax ou telefax ao organismo dentro do prazo de presentación establecido. Sen esta comunicación, non serán admitidos os textos de seren recibidos no IGAEM con posterioridade á data de remate do prazo.

Sexta.-O xurado.

O xurado estará formado por un presidente e catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural. O presidente e dous dos vogais serán nomeados pola conselleira de Cultura e Deporte mentres que o Consello Reitor do IGAEM nomeará os outros dous. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un técnico do IGAEM proposto polo xerente.

A composición do xurado farase pública no momento de se producir o seu ditame.

O xurado actuará en Pleno, a ser posible en sesión única, e será necesaria a asistencia de dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán secretas e reflectiránse na acta correspondente, que será asinada pola totalidade dos membros do xurado e polo secretario.

Os membros do xurado non poderán presentar textos a esta convocatoria.

O xurado poderá declarar deserto o premio en calquera das súas modalidades se estima que ningunha das obras presentadas posúe a suficiente calidade.

Sétima.-Comunicación do ditame.

A decisión do xurado producirase dentro dos dous meses seguintes ao remate do prazo de admisión dos orixinais e darase a coñecer a través dos medios de comunicación ou ben en acto público de entrega.

Oitava.-Publicación das obras premiadas.

Coa finalidade de difusión cultural que lle compete ao organismo, o IGAEM reservará para si o dereito de publicación das obras premiadas durante un prazo de dous anos desde a concesión do premio.

Novena.-Retirada de orixinais non premiados.

Os textos non premiados poderán ser retirados das oficinas do IGAEM, logo da identificación do seu autor, que debe asinar o xustificante correspondente, nun prazo de 30 días naturais contados a partir do seguinte ao da decisión do xurado. Os textos que non sexan retirados no prazo indicado serán destruídos, sen que caiba ningunha reclamación neste sentido.

Décima.-Aceptación das bases.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases.

Décimo primeira.-Desenvolvemento das bases.

A xerencia do IGAEM poderá ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria.

*Cláusulas adicionais***Primeira.-Normativa de aplicación.**

As bases reguladoras deste concurso axustaranse ás instrucións previstas nesta convocatoria e rexeiranse, con carácter supletorio, polo disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto

lexislativo 1/1999, do 7 de outubro -na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo-; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

Segunda.-Posibilidade de recurso.

Esta resolución é definitiva na vía administrativa, consonte o artigo 4.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e contra ela cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da data da súa notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, esta resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2006.

Miguel Martín Fernández

Xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 14 de xullo de 2006 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, de cinco postos de traballo vacantes na Vicepresidencia.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións